

REPORTAXE

Nulo aforro enerxético e alta xeración de residuos, males identificados polo estudo da Cámara de Comercio. Facilitará medidas correctoras e unha guía de autoavaliación para que cada local detecte e supla as carencias

Suspense do sector hoteleiro de Compostela en respecto ambiental

REBECA FERNÁNDEZ

Alto consumo enerxético, elevada produción de residuos, ausencia da autorización de vertedura e da utilización de enerxías renovables. Esta é a radiografía ambiental do sector hoteleiro de Santiago de Compostela e da súa comarca segundo o *Estudo de formación, sensibilización e implementación de medidas de minimización de impacto ambiental*, posto en marcha pola Cámara de Comercio de Santiago en colaboración coa Fundación Biodiversidad do Ministerio de Medio Ambiente, presentado onte.

O obxectivo deste estudo, realizado a 1.200 hoteis e casas de turismo rural da demarcación cameral, foi analizar os problemas que xera a actividade turística co fin de establecer accións de mellora ambiental. A escasa aplicación de medidas para reducir residuos, así como a non implantación de medidas no 47% dos locais para reducir o consumo de auga foron os dous aspectos máis negativos derivados do labor do establecementos hoteleiros da zona. Ademais, só o 3% utiliza as enerxías renovables e a gran maioría descoñece a xeración propia de residuos perigosos, como aceites, pilas ou medicamentos, a pesar de que na

Só o 3 por cento dos establecementos usan as renovables

súa práctica totalidade os entregan a un punto limpo ou xestor autorizado. En canto ó consumo de enerxía, os hoteis da área compostelá teñen en conta criterios de eficiencia enerxética e realizan mantementos periódicos ós equipos de calefacción e aire acondicionado.

O descoñecemento da necesidade de dispoñer de autorización de vertedura no 55% dos establecementos de turismo rural é un dos principais aspectos negativos que pon en evidencia este estudo. Unha condición á que se une a posesión de fosa séptica por parte do 79% dos locais, dos que a metade din non realizar tarefas de limpeza periódicas nestas infraestruturas. Fronte a isto, o 50% das casas rurais teñen en conta criterios ambientais á hora de adquirir os seus produtos, un 77% considera que o ecolóxico "vende" e outro 73% afirma que o persoal que traballa no centro está implicado na xestión ambiental.

A partir destes problemas analizados no Estudo, xunto coas súas carencias e necesidades en materia ambiental, o sector hoteleiro xunto



Fundación Biodiversidad

Cámara
Santiago de Compostela

UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

Cofinanciado por la Fundación Biodiversidad

Cofinanciado por la F.S.E.

Acciones cofinanciadas por el Fondo Social Europeo en un 70% y por la Fundación Biodiversidad, en el marco de los Programas Operativos de "Iniciativa Empresarial y Formación Continua" 2000- 2006



GUÍA PARA LA REALIZACIÓN DE UNA AUTOEVALUACIÓN AMBIENTAL EN EL SECTOR TURÍSTICO

Guía de autoavaliación ambiental no sector turístico editada pola Cámara de Comercio de Santiago

DATA

Ampliación do Observatorio para esta área e a da construción

O presidente da Cámara de Comercio de Santiago, Jesús Asorey, xunto coa secretaria xeral da Cámara, Filomena Casal, e a xefe de proxectos de Novotec Consultores, Victoria Escudero presentarán tamén a ampliación do Observatorio Ambiental, que comezou traballando para os sectores lácteo e conseveiro, o turístico e da construción.

Enmarcado no "decidido compromiso da Cámara co medio ambiente e a conservación dos re-

curso naturais" sinalado por Asorey, o Observatorio dirixirase a preto de 10.000 destinatarios con catro obxectivos claros: detectar problemas e necesidades de apoio dos sectores empresariais en materia ambiental, darlle soporte á formación sobre as vantaxes do proceso de adecuación ás esixencias da lexislación ambiental, difusión e sensibilización das empresas cara a este tema e a difusión de boas prácticas e obrigas ambientais.

coa Cámara de Comercio, encargase agora de elaborar un plan de mellora ambiental específico.

Como complemento a este estudo, a Cámara de Comercio de Santiago tamén presentou onte a *Guía de autoavaliación ambiental no sector turístico*. O seu obxectivo é poñer ó alcance dos propietarios e xerentes dos establecementos unha metodoloxía práctica, en forma de test onde a xestión de cada vector ambiental vai asociada a unha determinada puntuación, para a realización dunha autoavaliación das condicións dos seus locais, coñecendo así os seus puntos fortes e febles e aplicar, deste xeito, as medidas necesarias para mellorar estas carencias. ●